

## **SUBGRUPO A1-TEMA 13-PROTECCIÓN DATOS-GALEGO**

### **TEMA 13- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais**

1. De conformidade co establecido no artigo 1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, esta lei ten por obxecto:
  - a) O dereito fundamental das persoas físicas á protección de datos persoais, amparado polo artigo 18.4 da Constitución española.
  - b) O dereito fundamental das persoas físicas á protección de datos persoais, amparado polo artigo 29 da Constitución española.
  - c) O dereito fundamental das persoas físicas á protección de datos persoais, amparado polo artigo 8.4 da Constitución española.
  
2. De conformidade co establecido no artigo 2.2.b) da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, non será de aplicación:
  - a) Aos tratamentos de datos de persoas incapacitadas xudicialmente.
  - b) Aos tratamentos de datos de persoas falecidas.
  - c) Non existen excepcións á aplicación desta lei orgánica.
  
3. De conformidade co establecido no artigo 2.3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os tratamentos realizados ao amparo da lexislación orgánica do réxime electoral xeral:
  - a) Rexeranse polo disposto na súa lexislación específica e supletoriamente polo establecido na presente lei orgánica.
  - b) Rexeranse polo disposto na presente lei orgánica.
  - c) Rexeranse polo disposto na súa lexislación específica e supletoriamente polo establecido no Regulamento (UE) 2016/679 e na presente lei orgánica.
  
4. De conformidade co establecido no artigo 2.3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os tratamentos derivados do Rexistro Civil:
  - a) Rexeranse polo disposto na súa lexislación específica e supletoriamente polo establecido no Regulamento (UE) 2016/679 e na presente lei orgánica.
  - b) Rexeranse polo disposto na súa lexislación específica e supletoriamente polo establecido na presente lei orgánica.
  - c) Rexeranse polo disposto na presente lei orgánica.
  
5. De conformidade co establecido no artigo 2.3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os tratamentos derivados dos Rexistros da Propiedade e Mercantís:
  - a) Rexeranse polo disposto na súa lexislación específica e supletoriamente polo establecido na presente lei orgánica.
  - b) Rexeranse polo disposto na súa lexislación específica e supletoriamente polo establecido no Regulamento (UE) 2016/679 e na presente lei orgánica.
  - c) Rexeranse polo disposto na presente lei orgánica.



## SUBGRUPO A1-TEMA 13-PROTECCIÓN DATOS-GALEGO

6. De conformidade co establecido no artigo 2.4 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os tratamentos derivados da xestión da oficina xudicial:

- a) Rexeranse polo disposto na súa lexislación específica e supletoriamente polo establecido na presente lei orgánica.
- b) Rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e pola presente lei orgánica.
- c) Rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e pola presente lei orgánica, sen prexuízo das disposicións da Lei orgánica 6/1985, de 1 xullo, do poder xudicial que lle sexan aplicables.

7. De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, poderán solicitar o acceso aos datos persoais dunha persoa falecida e, se é o caso, a súa rectificación ou supresión:

- a) Os seus familiares, os seus herdeiros e as persoas ou institucións ás que o falecido designase expresamente.
- b) Os seus herdeiros e as persoas ou institucións ás que o falecido designase expresamente.
- c) Os seus herdeiros e familiares.

8. De conformidade co establecido no artigo 4.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre a exactitude dos datos:

- a) Os datos serán exactos.
- b) Os datos serán exactos e, se for necesario, actualizados.
- c) Os datos serán exactos e, en calquera caso, actualizados.

9. De conformidade co establecido no artigo 5.3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o deber de confidencialidade:

- a) A confidencialidade e o segredo profesional dos responsables e encargados do tratamento de datos non se manterán ao finalizar a relación do obrigado.
- b) A confidencialidade e o segredo profesional dos responsables e encargados do tratamento de datos manteranse aínda cando finalizase a relación do obrigado.
- c) O segredo profesional dos encargados do tratamento de datos manteranse aínda cando finalizase a relación do obrigado.

10. De conformidade co establecido no artigo 6.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobreenténdese por consentimento do afectado:

- a) Toda manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que este acepta o tratamento de datos persoais.
- b) Toda manifestación de vontade libre, informada e inequívoca pola que este acepta o tratamento de datos persoais.
- c) Toda manifestación de vontade libre, específica e informada pola que este acepta o tratamento de datos persoais.



## **SUBGRUPO A1-TEMA 13-PROTECCIÓN DATOS-GALEGO**

11. De conformidade co establecido no artigo 7.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o consentimento dos menores de idade:

- a) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de 14 anos.
- b) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no consentimento dos seus pais ou titores.
- c) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de 16 anos.

12. De conformidade co establecido no artigo 7.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o consentimento dos menores:

- a) O tratamento dos datos dos menores de 16 anos só será lícito se consta o do titular da patria potestade ou tutela.
- b) O tratamento dos datos dos menores de 14 anos só será lícito se consta o do titular da patria potestade ou tutela e a audiencia ao Ministerio Fiscal.
- c) O tratamento dos datos dos menores de 14 anos só será lícito se consta o do titular da patria potestade ou tutela.

13. De conformidade co establecido no artigo 8.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o tratamento de datos por obrigaición legal, interese público ou exercicio de poderes públicos:

- a) Só poderá considerarse fundado cando derive dunha competencia atribuída por unha orde.
- b) Só poderá considerarse fundado cando derive dunha competencia atribuída por unha norma ou resolución administrativa.
- c) Só poderá considerarse fundado cando derive dunha competencia atribuída por unha norma con rango de lei.

14. De conformidade co establecido no artigo 9.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre as categorías especiais de datos persoais:

- a) O só consentimento do afectado bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos cuxa finalidade principal sexa identificar a súa ideoloxía, afiliación sindical, relixión, orientación sexual, crenzas ou orixe racial ou étnica.
- b) O só consentimento do afectado non bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos cuxa finalidade principal sexa identificar a súa ideoloxía, afiliación sindical, relixión, orientación sexual, crenzas ou orixe racial ou étnica.
- c) O só consentimento do afectado non bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos cuxa finalidade principal sexa identificar a súa ideoloxía, afiliación sindical, orientación sexual ou orixe racial ou étnica.



## **SUBGRUPO A1-TEMA 13-PROTECCIÓN DATOS-GALEGO**

15. De conformidade co establecido no artigo 10.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o tratamento de datos de natureza penal:

- a) O tratamento de datos persoais relativos a condenas e infraccións penais só se poderá levar a cabo cando se atope amparado nesta lei orgánica.
- b) O tratamento de datos persoais relativos a condenas e infraccións penais só se poderá levar a cabo cando se atope amparado nunha norma de dereito da Unión, nesta lei orgánica ou noutras normas de rango legal.
- c) O tratamento de datos persoais relativos a condenas e infraccións penais só poderá levar a cabo cando se atope amparado nunha norma de dereito da Unión e nesta lei orgánica.

16. De conformidade co establecido no artigo 10.3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o tratamento de datos de natureza penal:

- a) Fóra dos supostos sinalados nos apartados 1 e 2 deste artigo, os tratamentos de datos referidos a condenas e infraccións penais só serán posibles cando sexan levados a cabo por avogados e procuradores.
- b) Fóra dos supostos sinalados nos apartados 1 e 2 deste artigo, os tratamentos de datos referidos a condenas e infraccións penais só serán posibles cando sexan levados a cabo por avogados.
- c) Fóra dos supostos sinalados nos apartados 1 e 2 deste artigo, non serán posibles os tratamentos de datos referidos a condenas e infraccións penais.

17. De conformidade co establecido no artigo 11.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre a transparencia e información ao afectado:

- a) Poderase dar cumprimento ao deber de información facilitándolle ao afectado a información básica á que se refire o apartado 2 deste artigo e indicándolle un enderezo electrónico que lle permita acceder de forma sinxela e inmediata á restante información.
- b) Poderase dar cumprimento ao deber de información facilitándolle ao afectado a información básica á que se refire o apartado 2 deste artigo e indicándolle un enderezo electrónico ou outro medio que lle permita acceder de forma sinxela e inmediata á restante información.
- c) Poderase dar cumprimento ao deber de información facilitándolle ao afectado a información básica á que se refire o apartado 2 deste artigo.

18. De conformidade co establecido no artigo 12.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre as disposicións xerais sobre o exercicio dos dereitos:

- a) Os dereitos recoñecidos nesta lei só poderán exercerse directamente polo interesado.
- b) Os dereitos recoñecidos nesta lei só poderán exercerse por medio de representante legal ou voluntario.
- c) Os dereitos recoñecidos nesta lei poderán exercerse directamente ou por medio de representante legal ou voluntario.



## **SUBGRUPO A1-TEMA 13-PROTECCIÓN DATOS-GALEGO**

19. De conformidade co establecido no artigo 12.7 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no referente ás disposicións xerais sobre o exercicio dos dereitos:

- a) Non serán gratuítas as actuacións levadas a cabo polo responsable do tratamento para atender as solicitudes de exercicio destes dereitos.
- b) Serán gratuítas as actuacións levadas a cabo polo responsable do tratamento para atender as solicitudes de exercicio destes dereitos.
- c) Serán gratuítas, en calquera caso, as actuacións levadas a cabo polo responsable do tratamento para atender as solicitudes de exercicio destes dereitos.

20. De conformidade co establecido no artigo 13.3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o dereito de acceso:

- a) Poderase considerar repetitivo o exercicio do dereito de acceso en máis dunha ocasión durante o prazo de 1 ano.
- b) Poderase considerar repetitivo o exercicio do dereito de acceso en máis dunha ocasión durante o prazo de 6 meses.
- c) Non se poderá considerar nunca repetitivo o exercicio do dereito de acceso.

21. De conformidade co establecido no artigo 13.4 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o dereito de acceso:

- a) Cando o afectado elixa un medio distinto ao que se lle ofrece que supoña un custo desproporcionado, deberá adiantar o custo.
- b) Cando o afectado elixa un medio distinto ao que se lle ofrece que supoña un custo desproporcionado, deberá asumir o exceso de custos.
- c) Cando o afectado elixa un medio distinto ao que se lle ofrece, poderá ser rexeitada a petición se supón un custo desproporcionado.

22. De conformidade co establecido no artigo 14 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o dereito de rectificación:

- a) O afectado poderá indicar na súa solicitude a que datos se refire.
- b) O afectado deberá indicar na súa solicitude a que datos se refire e a corrección que haxa de realizarse.
- c) O afectado poderá indicar na súa solicitude a corrección que haxa de realizarse.

23. Segundo o establecido no artigo 28.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre as obrigacións xerais do responsable e encargado do tratamento:

- a) Determinarán as medidas técnicas apropiadas que deben aplicar co fin de garantir e acreditar que o tratamento é conforme coa lexislación aplicable.
- b) Determinarán as medidas técnicas e organizativas apropiadas que deben aplicar co fin de garantir e acreditar que o tratamento é conforme exclusivamente con esta lei orgánica.
- c) Determinarán as medidas técnicas e organizativas apropiadas que deben aplicar co fin de garantir e acreditar que o tratamento é conforme coa lexislación aplicable.

## **SUBGRUPO A1-TEMA 13-PROTECCIÓN DATOS-GALEGO**

24. Segundo o establecido no artigo 30.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre os representantes dos responsables ou encargados do tratamento non establecidos na Unión Europea:

- a) A presente lei orgánica aplicarase ao tratamento de datos persoais de interesados que se atopen na Unión Europea por parte dun responsable ou encargado non establecido na Unión, en todos os supostos.
- b) A presente lei orgánica non se aplicará ao tratamento de datos persoais de interesados que se atopen na Unión Europea por parte dun responsable ou encargado non establecido nesta.
- c) A presente lei orgánica aplicarase ao tratamento de datos persoais de interesados que se atopen na Unión Europea por parte dun responsable ou encargado non establecido nesta, nos supostos previstos legalmente.

25. Segundo o establecido no artigo 30.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre os representantes dos responsables ou encargados do tratamento non establecidos na Unión Europea:

- a) Os responsables, encargados e representantes responderán mancomunadamente dos danos e perdas causados ao afectado residente en España.
- b) Aos responsables, encargados e representantes non lles será esixible responsabilidade polos danos e perdas causados ao afectado residente en España.
- c) Os responsables, encargados e representantes responderán solidariamente dos danos e perdas causados ao afectado residente en España.

26. Segundo o establecido no artigo 31.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o rexistro das actividades de tratamento:

- a) Non se establece a obrigaón de que o responsable leve un rexistro das actividades de tratamento.
- b) Cada responsable e, se é o caso, o seu representante levarán un rexistro das actividades de tratamento efectuadas baixo a súa responsabilidade.
- c) Cada responsable e, se é o caso, o seu representante levarán un rexistro das actividades de tratamento efectuadas baixo a súa responsabilidade, sen excepción ningunha.

27. Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o bloqueo dos datos:

- a) O responsable do tratamento estará obrigado a bloquear os datos cando proceda a súa rectificación ou supresión.
- b) O responsable do tratamento poderá bloquear os datos cando proceda a súa rectificación ou supresión.
- c) O responsable do tratamento poderá bloquear os datos cando o teña por conveniente.

28. Segundo o establecido no artigo 32.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o bloqueo dos datos:

- a) O bloqueo dos datos consiste na adopción de medidas para impedir o seu tratamento, excluída a súa visualización.
- b) O bloqueo dos datos consiste na adopción de medidas para impedir o seu tratamento, incluída a súa visualización.
- c) O bloqueo dos datos consiste na adopción de medidas para permitir o seu tratamento de forma limitada.



## **SUBGRUPO A1-TEMA 13-PROTECCIÓN DATOS-GALEGO**

29. Segundo o establecido no artigo 32.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o bloqueo dos datos:

- a) Esta lei permite o bloqueo dos datos, excepto para a posta á disposición dos datos aos tribunais e ao Ministerio Fiscal.
- b) Esta lei non permite o bloqueo dos datos.
- c) Esta lei permite o bloqueo dos datos sen excepcións.

30. Segundo o establecido no artigo 33.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o encargado do tratamento dos datos:

- a) O acceso por parte dun encargado de tratamento aos datos persoais non se considerará comunicación de datos, sempre que se cumpra o establecido na presente lei orgánica.
- b) O acceso por parte dun encargado de tratamento aos datos persoais considerárase comunicación de datos, en todo caso.
- c) O encargado de tratamento aos datos persoais non poderá acceder aos datos.

31. Segundo o establecido no artigo 33.5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o encargado do tratamento dos datos:

- a) No ámbito do sector público, non poderán atribuírse as competencias propias dun encargado do tratamento a un determinado órgano.
- b) No ámbito do sector público, poderán atribuírse as competencias propias dun encargado do tratamento a un órgano, instituto ou empresa privada.
- c) No ámbito do sector público, poderán atribuírse as competencias propias dun encargado do tratamento a un determinado órgano.

32. Segundo o establecido no artigo 34.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre a designación dun delegado de protección de datos:

- a) Os responsables e encargados do tratamento deberán designar un delegado de protección de datos nos supostos previstos nesta lei orgánica.
- b) Os responsables e encargados do tratamento non terán que designar un delegado de protección de datos en ningún caso.
- c) Os responsables e encargados do tratamento designarán un delegado de protección de datos en todo caso.

33. Segundo o establecido no artigo 34.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre a designación dun delegado de protección de datos:

- a) Os responsables ou encargados do tratamento, fóra dos casos previstos na lei, non poderán designar un delegado de protección de datos.
- b) Os responsables ou encargados do tratamento, fóra dos casos previstos na lei, poderán designar de maneira voluntaria un delegado de protección de datos.
- c) Os responsables ou encargados do tratamento, en todo caso, terán que designar un delegado de protección de datos.



## SUBGRUPO A1-TEMA 13-PROTECCIÓN DATOS-GALEGO

34. Segundo o establecido no artigo 34.3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre a designación dun delegado de protección de datos:

- a) Os responsables e encargados do tratamento comunicarán, no prazo de 10 días, ao ministerio que asuma as competencias de Función Pública, as designacións, nomeamentos e cesamentos dos delegados de protección de datos.
- b) Os responsables e encargados do tratamento comunicarán, no prazo de 10 días, á Axencia Española de Protección de Datos, as designacións, nomeamentos e cesamentos dos delegados de protección de datos.
- c) Os responsables e encargados do tratamento comunicarán, no prazo de 2 meses, á Axencia Española de Protección de Datos, as designacións, nomeamentos e cesamentos dos delegados de protección de datos.

35. Segundo o establecido no artigo 36.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre a posición do delegado de protección de datos:

- a) O delegado poderá inspeccionar os procedementos relacionados co obxecto da presente lei orgánica e emitir recomendacións no ámbito das súas competencias.
- b) O delegado non poderá inspeccionar os procedementos relacionados co obxecto da presente lei orgánica.
- c) O delegado poderá inspeccionar os procedementos relacionados co obxecto da presente lei orgánica, pero non poderá dar instrucións ou recomendacións.

36. Segundo o establecido no artigo 36.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre a posición do delegado de protección de datos, cando se trate dunha persoa física integrada na organización do responsable ou encargado do tratamento:

- a) Non poderá ser removido, pero si sancionado, polo responsable ou polo encargado por desempeñar as súas funcións.
- b) Non poderá ser removido nin sancionado polo responsable ou polo encargado por desempeñar as súas funcións, en ningún caso.
- c) Non poderá ser removido nin sancionado polo responsable ou polo encargado por desempeñar as súas funcións, salvo que incorrese en dolo ou negligencia grave no seu exercicio.

37. Segundo o establecido no artigo 37.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre a intervención do delegado de protección de datos en caso de reclamación ante as autoridades de protección de datos:

- a) Con carácter previo á presentación dunha reclamación contra o responsable ou o encargado, ante a Axencia Española de Protección de Datos, o afectado poderá dirixirse ao delegado de protección de datos da entidade contra a que se reclame.
- b) Con carácter previo á presentación dunha reclamación contra o responsable ou o encargado, ante a Axencia Española de Protección de Datos, o afectado deberá dirixirse ao delegado de protección de datos da entidade contra a que se reclame.
- c) Con carácter previo á presentación dunha reclamación contra o responsable, ante a Axencia Española de Protección de Datos, o afectado deberá dirixirse ao encargado de protección de datos da entidade contra a que se reclame.







## **SUBGRUPO A1-TEMA 13-PROTECCIÓN DATOS-GALEGO**

38. Segundo o establecido no artigo 37.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre a intervención do delegado de protección de datos en caso de reclamación ante as autoridades de protección de datos:

- a) As decisións das reclamacións presentadas ao delegado de protección de datos previas á reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos deberán de adoptarse no prazo de 2 meses desde a súa recepción.
- b) As decisións das reclamacións presentadas ao delegado de protección de datos previas á reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos deberán de adoptarse no prazo de 6 meses desde a súa recepción.
- c) As decisións das reclamacións presentadas ao delegado de protección de datos previas á reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos deberán de adoptarse no prazo máis breve posible.

39. Segundo o establecido no artigo 39 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre a acreditación de institucións de certificación ás que se refire o artigo 43.1 do Regulamento (UE) 2016/679:

- a) Non poderá ser levada a cabo pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC).
- b) Poderá ser levada a cabo pola Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR).
- c) Poderá ser levada a cabo pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC).

